



SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

CONVOCATORIA: 1 praza, diplomado-a en maxisterio. Programa concilia Sober 2021-2022.

POSTOS: 1 diplomado-a en maxisterio.

MODALIDADE CONTRACTUAL: Contrato laboral temporal, 50% de xornada.

DURACIÓN DO CONTRATO: Dende ó 01/10/2021 ata o 30/06/2022.

TITULACIÓN ESIXIDA:

Diplomado-a en maxisterio ou grado universitario equivalente.

CRITERIOS DE SELECCIÓN: Os establecidos nás bases xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Excelentísimo concello de Sober. Publicadas no BOP da provincia de Lugo nº 71, de data de 28 marzo de 2015.

PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS: 5 días naturais dende a data de publicación da presente convocatória. (do 17/09/2021 ata o 21/09/2021 ambos incluídos)

DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL: Miercoles día 23 de setembro de 2021 ás 11:30 horas, Salón de Plenos do Concello de Sober.

TRIBUNAL CUALIFICADOR: **Presidente:** María Mercedes Casares Vázquez Auxiliar administrativo concello Sober, **Secretario:** David Criado Taboada, Secretario Interventor do concello Sober, **Vocal I:** Flora Grande Rodríguez (Profesora CEIP. Virxe do Carmen Sober), **Vocal II:** Carlos Losada Rodríguez. ADL concello Sober, **Vocal III:** Beatriz Vivirido Quevedo, Orientadora Laboral concello de Sober.

O tribunal non poderá constituirse con menos de tres compoñentes.

En Sober, na data que figura á marxe do documento.

O Alcalde-Presidente

Luis Fernández Guitián.

ANEXO I - Temario

Materias Comúns:

Tema 1: A Constitución Española do 1978.



Tema 2: Dereitos de deberes fundamentais dos españois.

Tema 3: Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.

Tema 4: Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

Tema 5: A administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.

Tema 6: O Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.

Tema 7: O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.

Tema 8: A provincia. Organización Provincial. Deputacións.

Tema 9: O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.

Tema 10: Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.

Tema 11: O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.

Tema 12: O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.

Tema 13: Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación do Regulamento Europeo de Protección de Datos.

Materias Específicas:

Tema 1: A constitución española de 1978. lei orgánica 1/1981, do estatuto de autonomía de Galicia.

Tema 2: Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación. lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia. real decreto 132/2010 do 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, primaria e educación secundaria.

Tema 3: Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia. decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia. decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo nas ensinanzas non universitarias de Galicia.

Tema 4: Características xerais do neno e da nena ata os doce anos. principais factores implicados no seu desenvolvemento. o papel dos adultos.

Tema 5: O alumnado de educación infantil e primaria. desenvolvemento evolutivo en diferentes áreas: motora, cognitiva, lingüística, afectiva e social. trastornos do desenvolvemento

Tema 6: Influencias das principais correntes pedagóxicas e psicolóxicas na educación. visión



actual das súas aportacións. experiencias renovadoras relevantes. avaliación crítica.

Tema 7: Problemas de comportamento na educación. análise dos factores implicados desde una perspectiva interactiva. o papel da escola na prevención de problemas de conduta.

Tema 8: Educación para a saúde. actitudes e hábitos relacionados ca actividade infantil. prevención de accidentes, primeiros auxilios e enfermidades infantiles. criterios de intervención educativa.

Tema 9: Equipamentos e material didáctico en educación infantil e primaria. selección, uso e avaliación de recursos materiais.

Tema 10: A organización dos espazos e do tempo. criterios para un espazo adecuado e distribución e organización temporal. a avaliación de espazos e tempo.

